

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 21 de xullo de 2023**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e un de xullo do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de *Luís López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Marta Fernández-Tapias Núñez*, *Rafael Domínguez Artime*, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *José Carlos López Campos*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día. Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado Roberto José Álvarez Carrero.

Así mesmo están presentes os deputados *María Sandra Bastos Míguez*, *María Isabel Coucelo Torres*, *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia étrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32820     CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO.

Polo Secretario dáse conta da Resolución Presidencial de data 19 de xullo de 2023 (RP2023005792), pola que se establece a composición da Xunta de Goberno e a periodicidade das súas sesións ordinarias, e cuxo contido literal é como segue:

*“A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte*

**RESOLUCIÓN**

*A Xunta de Goberno, como órgano necesario na organización provincial, intégrase polo Presidente e un número de Deputadas/os non superior ó terzo do número legal dos mesmos sendo os seus membros nomeados e separados libremente pola Presidencia (arts. 32.1 e 35 Lei 7/1985, de 2 de abril e 72 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).*

*Considerando o disposto no art. 44 do Regulamento orgánico provincial, en uso das miñas atribucións,*

**RESOLVO:**

1.- *A Xunta de Goberno queda integrada polos seguintes Sras./es Deputadas/os:*

*Presidente:        Luís López Diéguez*  
*Vogais:            Marta Fernández-Tapias Núñez*  
*Rafael Domínguez Artime*  
*Roberto José Álvarez Carrero*  
*María Nava Castro Domínguez*  
*Jorge Cubela López*  
*José Carlos López Campos*  
*Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*  
*María Pilar Ramallo Vázquez*  
*Jesús Vázquez Almuíña*



2.- *As sesións ordinarias da Xunta de Goberno terán lugar semanalmente todos os venres ás 11:00 horas. Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, e ós interesadas/os, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web, sen prexuízo da súa efectividade dende o día de hoxe.”*

Toda vez que asiste a maioría absoluta dos seus compoñentes, polo Presidente declárase constituída a Xunta de Goberno da Deputación Provincial.

2.32821 CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS PARA O INVESTIMENTO “MUROS DE CONTENCIÓN E CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS PARA A REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, COVELO” (Expte.2023033227)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos de Pontevedra está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións.
- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos de Pontevedra pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.



- En data 03/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023029663), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do *Concello de Covelo*, emendada nas datas 09/06/2023 , 12/06/2023 e 29/06/2023 (núm. rexistro WEB2023037149 , WEB2023037468 e WEB2023040794 respectivamente), na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 103.106,43€, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados polas inundacións, Covelo*”, cun orzamento de 111.770,85€, dos cales 103.106,43€ corresponden a execución de contrata e 8.664,42€ a honorarios e cun orzamento subvencionable de 103.106,43€.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 13/06/2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

## RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 13/06/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 30/06/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/06/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Covelo*, CIF: P3601300A a cantidade de 103.106,43€ con destino ao financiamento do investimento “*Muros de contención e canalizacións de pluviais para a reparación de danos causados polas inundacións, Covelo*”, cun orzamento subvencionable de 103.106,43€.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións, aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno nº 13.32349, do día 3 de marzo de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023, (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Dar traslado da presente acordo ao *Concello de Covelo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32822.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS PARA O INVESTIMENTO INCLÚIDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, “PROXECTOS DE ACTUACIÓN EN LOUREIRO-1, LOUREIRO-2, CURUXEIRA (LAXE) E EN CERQUIDO”(Expte.2023033885)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións.



- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.
- En data 04/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030072), completada nas datas 05/05/2023, 08/05/2023 e 14/06/2023 (núms. rexistro WEB2023010678, WEB2023010879 e WEB2023038036 respectivamente) ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do *Concello de Salceda de Caselas*, na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 135.847,73€, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Proxectos de actuación en Loureiro 1, Loureiro 2, Curuxeira e en Cerquido*”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais na actuación nº1 (Proxecto de actuación en Loureiro 1, parroquia de Picoña), e na actuación nº4 (Proxecto de actuación en Cerquido, parroquia de Budiño), da “*Confederación Hidrográfica del Miño-Sil*”, que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención destas actuacións.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 14/06/2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.



## RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 14/06/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 15/06/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/07/2023, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salceda de Caselas*, CIF: P3604900E a cantidade de 135.847,73€ con destino ao financiamento do investimento “*Proxectos de actuacións en Loureiro 1, Loureiro 2, Curuxeira (Laxe) e en Cerquido*”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada ás autorizacións sectoriais na actuación nº1 (Proxecto de actuación en Loureiro 1, parroquia de Picoña), e na actuación nº4 (Proxecto de actuación en Cerquido, parroquia de Budiño), da “Confederación Hidrográfica del Miño- Sil”, que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. É necesario que se remita á Deputación coa presentación da xustificación da subvención, as preceptivas autorizacións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións, aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno nº 13.32349, do día 3 de marzo de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023, (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.





4.32823.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, “REPOSICIÓN DANOS POR INUNDACIÓNS NO COLECTOR DE PLUVIAIS NO CAMIÑO TOM-118 EN MOSTEIRO” (Expte.2023034702)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 20230004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións.
- O Plan de reparación dos danos causados polas inundacións pretende facer fronte, precisamente, ás necesidades que experimentan os concellos, que tendo en conta o extraordinario da situación e da insuficiencia orzamentaria faise necesario artellar mecanismos de colaboración e cooperación entre administracións co obxectivo de contribuír á restauración comunitaria, urbanística e medioambiental da zona damnificada e que con iso se recupere a normalidade na prestación dos servizos á cidadanía e se axude a manter a actividade económica das zonas danadas.
- En data 05/05/2023 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030418), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do *Concello de Tomiño*, emendada na data 02/06/2023 e 28/06/2023 29/06/2023 (núm. rexistro WEB2023035746, WEB2023040624 e WEB2023040867 respectivamente), na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 139.488,00 euros,



con destino ao financiamento do investimento denominado “*Reposición danos por inundacións no colector de pluviais no camiño TOM-118 en Mosteiro*”, cun orzamento de 425.723,17€ , unha achega municipal de 286.235,17 €.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións e achega a documentación requirida, se ben se constata que se facía precisa a autorización sectorial do Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra, a cal xa foi aportada a resolución favorable ao expediente, e a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que malia terse pedida en prazo a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 05/06/2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

## RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.



## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 05/06/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 30/06/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/06/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tomiño*, CIF: P3605400E a cantidade de 139.488,00 euros con destino ao financiamento do investimento “*Reposición danos por inundacións no colector de pluviais no camiño TOM-118 en Mosteiro*”, cun orzamento de 425.723,17€, unha achega municipal de 286.235,17€.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa presentación da xustificación da axuda económica concedida.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de reparación de danos causados polas inundacións, aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno nº 13.32349, do día 3 de marzo de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023, (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.32824.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “RECONFIGURACIÓN DO CAMIÑO DA SUEIRA, ENTRE A ESTRADA DE COUSELO E O CAMIÑO DA MENORA”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022/2023), CONCELLO DE O ROSAL (EXPTE.2022074527)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, núm.16.32186, de data 03/02/2023, concedeuse ao *Concello de O Rosal* no marco do Plan Concellos 2022-2023, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 100.000,00 euros con destino ao financiamento do investimento “*Reconfiguración do Camiño da Sueira, entre a Estrada de Couselo e o Camiño da Menora*” (Expte.:2022074527), cun orzamento de 100.999,81 €, desagregado en orzamento de execución por contrata por importe de 97.127,81 € e honorarios de reacción proxecto por importe de 3.872,00 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	50.999,81	50.000,00	0,00	999,81
2023	50.000,00	50.000,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>100.999,81</b>	<b>100.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>999,81</b>

En data 16/06/2023, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación, instancia xenérica do *Concello de O Rosal* na que solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento “*Reconfiguración do Camiño da Sueira, entre a Estrada de Couselo e o Camiño da Menora*”.

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 20ª do Plan Concellos 2022-2023; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/06/2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime Xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.



## Consideracións Xurídicas

### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

### Resolución do expediente:

- Base 20ª do Plan dos Concellos 2022-2023, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Admitiranse a trámite modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa no financiamento do proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/06/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 26/06/2023, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 10/07/2023 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado e de execución do investimento “*Reconfiguración do Camiño da Sueira, entre a Estrada de Couselo e o Camiño da Menora*” incluído no Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022/2023), *Concello de O Rosal* (Expte.:2022074527), cun orzamento por importe de 97.127,81 €. O importe total do investimento contempla os honorarios de reacción proxecto por importe de 3.872,00 €, o que supoñe un orzamento total por importe de 100.999,81 €; o proxecto modificado non altera a finalidade nin o obxecto da subvención, nin implica variación no orzamento, nin da subvención concedida de 100.000,00 € (50.000,00 € anualidade 2022, e 50.000,00 € anualidade 2023).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Rosal*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



**6.32825.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

a. Vista a relación de facturas con número 2023049069, que contén unha factura e por un importe de 3.496,89€ e con CSV: GPG8F69LBR7KEBCS, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17/07/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	3.178,99 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	317,90€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	3.496,89 €

b. Vista a relación de facturas con número 2023049076, que contén vinte e dúas facturas e por un importe de 49.937,30€ e con CSV: NFV7EN6UT4WSHGW1, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17/07/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	49.532,04 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	405,26€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	49.937,30 €



7.32826.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES.

Vista a relación de facturas con número 2023049061, que contén dúas facturas e por un importe de 3.872,00€ e con CSV: J00V2NMCNXL1PHYR, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17/07/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	3.872,00 €
Descostos do IRPF.....	0,00 €
Descostos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descostos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descostos.....	0,00 €
Total líquido.....	3.872,00

8.32827.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A SD CLUB MARCOTE POR “VIII ABIERTO INTERNACIONAL DE AJEDREZ HOTEL CEMAR” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 16/09/2022 (EXPTE: 2022026372)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da SOCIEDAD DEPORTIVA CLUB MARCOTE con NIF: G36658052 do concello de Vigo, por un importe de 1.072,23€, para o “VIII Abierto Internacional de Ajedrez Hotel Cemar” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023035657 con data 02/06/2023 do citado club renunciando á subvención concedida polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

9.32828.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A TEMA THUNDER MARIN POR “I THUNDER BEACH BOXING NIGHT” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 16/09/2022 (EXPTE. 2022026783)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor de TEAM THUNDER MARIN con NIF: G94094554 do concello de Marin, por un importe de 1.548,09€, para o “I Thunder Beach Boxing Night” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023035659 con data 02/06/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado que non se celebrou, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.





10.32829.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A SCD SALCEDO POR “XIV EDICION TORNEO BIBERON Y PREBENJAMIN FS SCD SALCEDO” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 16/09/2022(Expte: 2022043885)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA SALCEDO con NIF: G36106094 do concello de Redondela, por un importe de 316,78€, para a “XIV Edición Torneo Biberón y Prebenjamín F-sala SCD Salcedo 2022” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023014295 con data 03/03/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado que non se celebrou, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

11.32830.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB VILLAR REDONDELA POR “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 29/07/2022 (Expte: 202234264)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor de CLUB DEPORTIVO ATLETICO VILLAR-REDONDELA con NIF: G36167260 do concello de Pontevedra, por un importe de 444,81€, para “Deporte federado ámbito inferior a nacional (fútbol)” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023038351 con data 15/06/2023 do citado club renunciando á subvención concedida pola imposibilidade de xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

12.32831.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CD VETERANOS BERMES POR “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 29/07/2022 (Expte: 2022032245)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor de CD VETERANOS BERMES con NIF: G94142098 do concello de Lalín, por un importe de 265,31€, para “Deporte federado ámbito inferior a nacional (fútbol)” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.23.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023042592 con data 06/07/2023 do citado club renunciando á subvención concedida pola imposibilidade de xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas



13.32832.- DESESTIMACIÓN DA PRÓRROGA SOLICITADA POLO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA CON MOTIVO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CONSERVA” (Expte. 2022032556)

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial (acordo nº 16.31917) de data 1 de xullo de 2022, concedéuselle ao Concello da Illa de Arousa unha subvención, por importe de 9.042,21 euros para levar a cabo o proxecto de “Rehabilitación do envolvente do centro de interpretación da conserva”, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento Provincial.

Visto o escrito presentado polo Concello da Illa de Arousa, de data 18 de maio de 2023 e núm rexistro WEB2023032712, a través do cal solicita unha prórroga do prazo de execución do investimento ata o 15 de agosto de 2023 por “Dificultades para o cumprimento do prazo establecido para dita execución”.

Visto o informe desfavorable da Intervención Provincial á concesión da citada prórroga, que ten o seguinte teor literal:

“...- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), concedeu ó Concello da Illa de Arousa con CIF: P8600004I, para a Rehabilitación da envolvente do centro de interpretación da conserva, con cargo á liña B da mencionada convocatoria, unha subvención de 9.042,21 €, sobre un orzamento de 19.980,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/332.3322.762.00.2022.

Posteriormente, con data 18 de maio de 2023 (núm. Rexistro WEB2023032712), o Alcalde do concello presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación, solicitude de unha prórroga para a execución do investimento ata o 15 de agosto de 2023 por “dificultades para o cumprimento do prazo establecido para dita execución”.

Comprobado o expediente por Intervención obsérvase que dita solicitude incumpre o recollido nas bases reguladoras destas axudas:

- Base décimo cuarta. Modificación da resolución. “...Esta solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven, no prazo máximo de catro (4) meses antes de que finalice o prazo de execución establecido na base décimo quinta, e será obxecto de resolución polo órgano competente...”.

- Base décimo quinta. Xustificación. “... Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención finalizará o 30 de xuño de 2023...”.

*Conclusión:*

*Por todo o exposto informase desfavorablemente a concesión da modificación solicitada...”.*

Visto que o artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a aceptación de informes e ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar a concesión dunha prórroga ao Concello da Illa de Arousa para a execución da subvención derivada do proxecto “*Rehabilitación do envoltante do centro de interpretación da conserva*”, concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, nos termos expostos no informe da Intervención Provincial transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade servíndolle de motivación ao presente acordo.

14.32833.- DESESTIMACIÓN DA PRÓRROGA SOLICITADA POLO CONCELLO DE NIGRÁN CON MOTIVO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “RESTAURACIÓN E SINALIZACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS EN MONTEFERRO” (Expte. 2022033147)

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial (acordo nº 16.31917), de data 1 de xullo de 2022, concedéuselle ao Concello de Nigrán unha subvención, por importe de 13.132,20 €, para levar a cabo o proxecto “*Restauración e sinalización de elementos patrimoniais en Monteferro*”, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento Provincial.

Visto o escrito presentado polo Concello de Nigrán, de data 14 de xuño de 2023 e número de rexistro WEB2023037946, a través do cal solicita unha prórroga do prazo de execución da referida actuación ao non poder adxudicar o proxecto por falta de autorización sectorial de Costas.

Visto o informe desfavorable da Intervención Provincial á concesión da citada prórroga, que ten o seguinte teor literal:

*“...1. A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), concedeu ó Concello de Nigrán con CIF: P3603500D, para a Restauración e sinalización de elementos patrimoniais de Monteferro, con cargo á liña B da mencionada convocatoria, unha subvención de 13.132,20 €, sobre un orzamento de 16.758,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/332.3322.762.00.2022.*

*2. Posteriormente, con data 14 de xuño de 2023 (núm. Rexistro WEB2023037946), o Alcalde en funcións do concello presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación, solicitude de unha prórroga para a execución do investimento motivada por “non poder adxudicar o proxecto por falta de autorización sectorial de costas”.*



Comprobado o expediente por Intervención obsérvase que dita solicitude incumpre o recollido nas bases reguladoras destas axudas:

- Base décimo cuarta. Modificación da resolución. "...Esta solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven, no prazo máximo de catro (4) meses antes de que finalice o prazo de execución establecido na base décimo quinta, e será obxecto de resolución polo órgano competente....".

-Base décimo quinta. Xustificación. "... Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención finalizará o 30 de xuño de 2023...".

## CONCLUSIÓN

Por todo o exposto infórmase desfavorablemente a concesión da modificación solicitada..."

Visto que o artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a aceptación de informes e ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar a concesión dunha prórroga ao Concello da Nigrán para a execución da subvención derivada do proxecto "Restauración e sinalización de elementos patrimoniais en Monteferro", concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, nos termos expostos no informe da Intervención Provincial transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade servíndolle de motivación ao presente acordo.

### 15.32834.- DESESTIMACIÓN DA PRÓRROGA SOLICITADA POLO CONCELLO DA CAÑIZA CON MOTIVO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A "MELLORA DO ENTORNO DA FONTE DO ANXO NA FRANQUEIRA" (Exppte. 2022031967)

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial (acordo nº 16.31917), de data 1 de xullo de 2022, concedéuselle ao Concello da Cañiza unha subvención, por importe de 6.397,58 €, para levar a cabo o proxecto "Mellora do entorno da fonte do Anxo na Franqueira", ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022 do vixente Orzamento Provincial.

Visto o escrito presentado polo Concello da Cañiza, de data 16 de xuño de 2023 e número de rexistro WEB2023038563, a través do cal solicita unha prórroga do prazo de execución da referida actuación ao non dispor da preceptiva autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.



Visto o informe desfavorable da Intervención Provincial á concesión da citada prórroga, que ten o seguinte teor literal:

*“...1. A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), concedeu ó Concello da Cañiza con CIF: P3600900I, para a Mellora do entorno da fonte do Anxo da Franqueira, con cargo á liña B da mencionada convocatoria, unha subvención de 6.397,58 €, sobre un orzamento de 6.397,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/332.3322.762.00.2022.*

*2. Posteriormente, con data 16 de xuño de 2023 (núm. Rexistro WEB2023038563), o Alcalde do concello presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación, solicitude de unha prórroga para a execución do investimento motivada por “non dispor da perceptiva autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia”.*

*Comprobado o expediente por Intervención obsérvase que dita solicitude incumpre o recollido nas bases reguladoras destas axudas:*

*- Base décimo cuarta. Modificación da resolución. “...Esta solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven, no prazo máximo de catro (4) meses antes de que finalice o prazo de execución establecido na base décimo quinta, e será obxecto de resolución polo órgano competente....”.*

*-Base décimo quinta. Xustificación. “... Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención finalizará o 30 de xuño de 2023...”.*

## CONCLUSIÓN

*Por todo o exposto informase desfavorablemente a concesión da modificación solicitada...”*

Visto que o artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a aceptación de informes e ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar a concesión dunha prórroga ao Concello da Cañiza para a execución da subvención derivada do proxecto “Mellora do entorno da fonte do Anxo na Franqueira”, concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, nos termos expostos no informe da Intervención Provincial transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade servíndolle de motivación ao presente acordo.




16.32835.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE CANGAS(EXPTE. 2021038391)


Dada conta que con data de rexistro 21/07/2021 (núm. rex. 2021017639), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D<sup>a</sup>. Marina Carolina Baqueiro Méndez por lesións padecidas por mor dunha caída, o día 01/08/2019, dende a plataforma de contención da estrada provincial E.P. 1005 á finca colindante, no lugar de Pinténs nº 37, no Concello de Cangas, por atoparse roto, desprazado e sen protección lateral o paso de pedra que serve de muro de contención da estrada, sendo cuantificada economicamente pola reclamante en 23.814,34 €.

Resultando.- Que con data 26/08/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 30/09/2021 co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- Realizada a visita ao lugar descrito na reclamación compróbase que pertence á estrada EP 1008 HÍO-VILANOVA da rede provincial de estradas.*



*O accidente tivo lugar no punto quilométrico 1+800 desta estrada provincial*



*SEGUNDO.- Este servizo non foi notificado do accidente obxecto da reclamación.*

*Desde o 1 de xaneiro de 2.018 ata a data de hoxe non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo, ou por outros similares, nesa estrada provincial (achégase copia dos 2 únicos partes neste intervalo de tempo na EP 1008).*

**Parte de Vías e Obras**


Año		2019	Parte	295	Finalizado
<b>Datos Rexistro</b>					
Data	01/08/2019	11:19	Pereira		
Comunica	112 - SOS GALICIA				
Incidencia	Grava na estrada.				
Concello	CANGAS	Estrada	1008 - Hio - Vilanova		
Ubicación	Altura do viso	K.M.	0.0		
Brigada	Victor	Zona	Centro		
<b>Seguimento</b>					
Comunicado	01/08/2019	11:19	Pereira	Horas Normal	0
Finalizado	01/08/2019	14:15	Pereira	Horas Extra	0
Notas					

**Parte de Vías e Obras**


Año		2021	Parte	394	Finalizado
<b>Datos Rexistro</b>					
Data	01/08/2021	17:39	Juan		
Comunica	112 - SOS GALICIA				
Incidencia	Sinal vertical tirada na estrada				
Concello	CANGAS	Estrada	1008 - Hio - Vilanova		
Ubicación		K.M.	0.9		
Brigada	Victor	Zona	Centro		
<b>Seguimento</b>					
Comunicado	01/08/2021	17:44	Juan	Horas Normal	0
Finalizado	01/08/2021	22:10	Juan	Horas Extra	4
Notas					



TERCEIRO.- A sección da estrada no punto do accidente é de 7 metros de calzada e unha beiravía de 1,50 metros. Este ancho de plataforma non está acondicionado para o estacionamento de vehículos. Pódese comprobar que está delimitado por unha liña continua que impide o aparcamento polo que os coches que había alí estacionados estaban nun lugar non habilitado incumprindo a sinalización da estrada.



FP - 1008 N.º - Vilanova  
PK 1+800 M. Derecho



As labores de vixilancia e cumprimento das normas de circulación, incluído o réxime sancionador que se deriva, non corresponden ó titular da vía, senón a autoridade competente en xestión do tráfico: concello ou Dirección Xeral de Tráfico segundo o caso.

Por tanto se considera que a zona onde tivo lugar o accidente non debería estar ocupada por vehículos en ningún caso, e que sería a autoridade competente en materia de xestión do tráfico quen debería non permitir a parada continua de vehículos en zonas non habilitadas a tal fin.

Fdo.- María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Fdo.- Daniel Romay Díaz

Director de Infraestruturas e Vías Provinciais \_\_\_\_\_





Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022005763, de data 10/08/2022, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, o informe de alta médica e o informe médico pericial determinante das secuelas.

Resultando.- Que con data 29/08/2022, D<sup>a</sup>. Marina Carolina Baqueiro Méndez propón diversos medios de proba, os cales foron admitidos uns e rexeitados outros mediante a RP2022006404, e aporta informe médico pericial de secuelas e resposta do Sergas á súa solicitude de documentación clínica, realizada na data 12/07/2021, na que manifesta o seguinte: “Necesito que conste en informe la fecha con el alta médica de ese día 27/07/2020”, sendo dita resposta do Sergas, de data 22/08/2022, a seguinte :

*“En resposta á súa solicitude de documentación clínica relativa ó paciente Marina Carolina Baqueiro Méndez, achégase copia da devandita documentación”.*

Aportando D<sup>a</sup>. Marina Carolina Baqueiro un documento do curso clínico das datas 27/07/2020 e 07/05/2021, pero non informe de alta médica, considerando a reclamante como data de alta a do 27/07/2020, pois segundo a súa manifestación, o Sergas non lle remitiu ningún outro informe específico de alta definitiva.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022006747 de data 22/09/2022 púxose fin ó período probatorio polo transcurso do prazo establecido para o mesmo na data 12/09/2022.

Resultando.- Que con data 26/10/2022 solicitouse informe á Garda Civil de Cangas do Morrazo acerca dos seguintes extremos:

1. Se o Destacamento da Garda Civil de Cangas ten competencia sancionadora nunha estrada provincial (a Deputación entende, salvo criterio mellor fundamentado, que non hai razón ningunha para excluír tal responsabilidade) por causa de estacionamentos antirreglamentarios.
2. Número de denuncias tramitadas como consecuencia de estacionamentos irregulares nas inmediacións do nº 41 da estrada E.P. 1005, no lugar de Pinténs.
3. Existencia dalgún convenio de colaboración co Concello de Cangas no que se faga renuncia á potestade sancionadora da Dirección Xeral de Tráfico a favor da Policía Local de Cangas, e fundamento legal de tal transferencia ó devandito Concello, considerando o artigo 8.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que establece o seguinte: “La competencia es irrenunciable y se ejercerá por los órganos administrativos que la tengan atribuida como propia, salvo los casos de delegación o avocación, cuando se efectúen en los términos previstos en esta u otras leyes”.

Resultando. - Que con data 11/11/2022, a medio de correo electrónico, a Garda Civil de Cangas informa o seguinte:

1. *Que la Guardia Civil tiene competencia sancionadora en esta carretera provincial, además de tenerla así mismo el Subsector de Tráfico de Pontevedra.*



2. *Que en esta Unidad no constan denuncias tramitadas como consecuencia de estacionamientos irregulares en las inmediaciones del nº 41 de la carretera E.P. 1005, lugar de Pinténs, sin menoscabo de que pudieran existir estas denuncias por parte del Subsector de Tráfico.*
3. *Esta Unidad no tiene potestad de acordar convenios de colaboración con el Concello de Cangas por la indicada competencia sancionadora en materia de tráfico, correspondiendo esta potestad al Subsector de Tráfico de Pontevedra.*
4. *Que se ha procedido a dar traslado, por conducto, del contenido de su solicitud al indicado Subsector de Tráfico de Pontevedra, para contestación en la parte que corresponda.*

Resultando.- Que ante a ausencia de nova información, na data 09/02/2023, comunicouse á Garda Civil de Cangas a necesidade de que interesasen a contestación por parte do Subsector de Tráfico de Pontevedra para a resolución do expediente, remitido na data 02/03/2023, o citado Subsector, informe co seguinte contido:

*El citado punto es competencia, a efectos de vigilancia y regulación del tráfico de la Guardia Civil, ejercidas a través del Destacamento de Tráfico de la Guardia Civil de Vilaboa u otras unidades de este Subsector de Tráfico.*

*En el citado punto (km. 1,600-1,900) y para el período 01/08/2018 al 31/08/2019 no se han tramitado desde este subsector a la Jefatura Provincial de Tráfico expedientes de denuncia por estacionamientos antirreglamentarios.*

*El Capitán Jefe del Subsector:*

*Antonio Pérez Piteira*

---

Resultando.- Que con data 02/05/2023, conferiuse á interesada un prazo de dez días para audiencia e vista do expediente, para que puidera alegar o que estimara procedente, manifestando en escrito de data 22/05/2023 o seguinte:

*Primera.- Doy por reproducidas las alegaciones y documentación aportada por la dicente en el expediente de referencia, así como los informes que han sido remitidos a los autos por parte del Servicio de Infraestructuras e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra de 30/09/2021, la Guardia Civil de Cangas, de 11/01/2022 y el Subsector de Tráfico de Pontevedra de 01/03/2023.*

*Segunda.- En el apartado Tercero del referido informe de 30/09/2021 emitido por el Servicio de Infraestructuras e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, consta:*

*“A sección da estrada no punto do accidente... non está acondicionada para o estacionamento de vehículos. Pódese comprobar que está delimitado por unha liña continua que impide o aparcamento polo que os coches que alí estacionados estaban nun lugar non habilitado incumprindo a sinalización da estrada”.*

*En la página 2 de este informe constan varias fotografías en las que se aprecia con nitidez como una furgoneta se encuentra aparcada indebidamente en la misma curva en que tuvo lugar el siniestro (prueba evidente de que sí aparcaban los vehículos), además de también ser perfectamente visible el mal estado del arcén de piedra por donde, precisamente, tuvo que pasar la dicente para transitar entre el vehículo entonces aparcado en esa zona y el desnivel con el que linda la carretera conforme el sentido de mi marcha. Además, en otra de las fotografías se aprecia (por debajo de la raya roja que delimita la zona del siniestro) la existencia de un vehículo turismo aparcado prácticamente en el punto exacto en que se cayó la dicente.*

*De las fotografías y declaraciones testificales aportadas a los autos, resulta acreditado con rotundidad que tanto en el día y hora en que se produjo el siniestro, como en otras horas y días, era frecuente la existencia de vehículos ilegalmente aparcados en la zona del siniestro.*



*Por tanto, el hecho de que conforme resulta de los informes emitidos por la Guardia Civil de Cangas y el Subsector de Tráfico de Pontevedra, en esa zona y en esas fechas (período del 1 al 31 de agosto de 2019) no se hayan tramitado denuncias por estacionamientos antirreglamentarios, no implica sino la permisibilidad de la autoridad competente para con dichas infracciones (suponemos que en aras al desarrollo turístico de la zona QUE CON TAL SEGURIDAD SÍ SE HAN COMETIDO, y la puesta en peligro de los bienes y de las personas que ello ha conllevado, bastando para ello como prueba con el accidente sufrido por la dicente y cuyas causas han sido la existencia de vehículos indebidamente aparcados en el arcén y su muy deficiente estado de conservación y falta de señalización al respecto, por lo que los peatones que tenían que transitar por ese arcén no podían ser conscientes del peligro que ello conllevaba”.*

Resultando.- Que con data 25/05/2023 remitiuse o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para emisión de Ditame, remitindo o mesmo na data 14/06/2023, coas seguintes consideracións:

*(...) Cuarta.*

*En materia de responsabilidade patrimonial resulta preciso analizar os requisitos procesuais mínimos que condicionan a viabilidade da reclamación presentada e, concretamente, o da súa interposición en tempo hábil. Sobre dito extremo, o artigo 67.1 da LPAC dispón o seguinte:*

*“Os interesados soamente poderán solicitar o inicio dun procedemento de responsabilidade patrimonial cando non prescribise o seu dereito a reclamar. O dereito a reclamar prescribirá ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo. En caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computar desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas”.*

*Cómpre sinalar ao respecto que a cuestión da vixencia da acción de responsabilidade, en tanto que requisito procesual inescusable, precisa ser analizada por parte da persoa instrutora como paso previo a calquera eventual pronunciamiento sobre o fondo, pois, de apreciarse a súa existencia, non será necesario abordar a cerna do asunto (así, entre outros, nos ditames CCG 235/2018, CCG 346/2018 ou CCG 4/2019).*

*No presente caso, atopámonos diante dunha reclamación, vinculada a danos de carácter físico. A respecto da determinación do dies a quo nestes supostos procede traer a colación a consolidada doutrina xurisprudencial existente na materia e seguida por este órgano consultivo.*

*Conforme a esta doutrina a determinación do dies a quo para o cómputo do prazo de prescripción parte da teoría da actio nata, que, tal e como ten sido formulada pola xurisprudencia, alicérgase nun completo coñecemento das consecuencias danosas e que, no caso de lesións e secuelas, sitúase no momento no que a persoa lesionada coñeza o seu alcance, tal e coma expresamente dispón o artigo 67.1 da LPAC. Neste sentido, indica o Tribunal Supremo que: “...esta Sala viene «proclamando hasta la saciedad (sentencias de 8 de julio de 1993, 28 de abril de 1997, 14 de febrero y 26 de mayo de 1994, 26 de octubre de 2000 y 11 de mayo de 2001), que “el ‘dies a quo’ para el ejercicio de la acción de responsabilidad patrimonial será aquel en que se conozcan definitivamente los efectos del quebranto” (Sentencia de 31 de octubre de 2000)” (STS do 11.6.2012, rec. 2643/2010, entre outras).*

*A maior abastanza, para que se entenda producida a determinación do alcance das secuelas non é necesario que estas sexan perfectamente uniformes e homoxéneas no tempo, pois o Tribunal Supremo ten apreciado o inicio do cómputo do prazo de prescripción cando se coñecen as secuelas dunha doenza “aunque en los aspectos no esenciales de la enfermedad, la evolución puede ser más o menos gravosa” (STS do 3.10.2014, rec. 3957/2012). O relevante, pois, é determinar o momento no que as manifestacións esenciais da enfermidade e as secuelas que esta indefectiblemente leva consigo poden reputarse como efectivamente constatadas, de modo que as persoas afectadas poidan xa exercer o seu dereito a reclamar ao considerarse completados os elementos fácticos e xurídicos que permiten deducir a acción (STS do 6.5.2015, rec. 2099/2013).*



*Ese coñecemento dependerá dos datos existentes e de que estes sirvan para determinar que a lesión ou secuela se ten consolidado e sexa posible coñecer o alcance real do dano que se reclama. A determinación de cando se produce esta circunstancia e, polo tanto, cando é posible exercer a acción, comezando o cómputo do prazo de prescripción, depende das circunstancias de cada caso en concreto e das probas practicadas (por todas, STS do 20.12.2013, rec. 606/2012, e STS do 27.5.2016, rec. 3483/2014, e as que nelas se citan).*

*Para estes efectos a xurisprudencia ten establecido a distinción entre danos continuados, que coma tales non permiten coñecer aínda os efectos definitivos dunha lesión e nos que, polo tanto, o dies a quo será aquel en que ese coñecemento se alcance; e danos permanentes, que aluden a lesións irreversibles e incurables aínda que non intratables, cuxas secuelas resultan previsibles na súa evolución e na súa determinación, sendo polo tanto cuantificables, polo que “los tratamientos paliativos o de rehabilitación posteriores o encaminados a obtener una mejor calidad de vida, o a evitar eventuales complicaciones en la salud, o a obstaculizar la progresión de la enfermedad, no enervan la realidad de que el daño ya se manifestó con todo su alcance” (por todas, SSTS do 26.2.2013, rec. 367/2011, e do 28.11.2017, rec. 2552/2015, e as que nela se citan). “A contrario sensu”, os tratamentos posteriores si terán influencia no inicio do cómputo do prazo de prescripción se resultan necesarios para a determinación do alcance definitivo das secuelas.*

*Por maior abastanza, o coñecemento do alcance das lesións ou das secuelas pode coincidir coa alta médica ou situarse nun momento anterior; iso dependerá dos datos existentes e de que estes sirvan para coñecer o alcance real do dano que se reclama.*

*Para rematar con estas consideracións xerais sobre a determinación do dies a quo do cómputo do prazo de prescripción, procede recordar que non pode entenderse ilimitadamente aberto o prazo de reclamación “a resultas de las sucesivas visitas de control que no responden a la agravación o aparición de padecimientos distintos de los previstos al establecer el alcance de los mismos y sus secuelas” (STS do 30.6.2009, rec. 1859/2005). Ao contrario, esas visitas de seguimento e control si terán influencia no inicio do cómputo do prazo de prescripción se resultan necesarias para a determinación do alcance definitivo dos danos polos que se reclama. Sentadas as bases doutrinais, debemos destacar que a interesada interpón reclamación de responsabilidade patrimonial o 20.7.2021 polos danos físicos derivados dunha caída que tivo lugar o 1.8.2019. Durante a instrución do procedemento, a parte reclamante presentou un informe pericial de valoración de danos, que se elabora con base nunha ampla documentación sanitaria que a interesada puxo á disposición do perito, e no que se relata o seguinte:*

- Logo dunha intervención cirúrxica ao día seguinte da caída, o 28.10.2019 se procedeu á retirada do parafuso transisdesmal.
- O 18.12.2019 finalizou o tratamento rehabilitador, acudindo a paciente a control o 10.2.2020, onde se solicita TAC de nocello, realizando con posterioridade catro sesións máis de tratamento rehabilitador e un último control o 27.7.2020.

*Para os efectos da posible prescripción do dereito a reclamar, o amentado informe afirma que “la fecha de curación, por estabilización lesional, entendiendo como tal la fecha de fin de controles el día 27.07.20 en el Complejo Hospitalario Universitario de Vigo”. Resulta rechamante, de entrada, esta identificación, sen maiores razoamentos, entre a data de consolidación das secuelas físicas co fin dos controis médicos. Por outra banda, o propio informe sinala como documentos nos que se basea os seguintes:*

- Informe del Servicio Galego de Saúde de fecha 01.08.19.
- Informes de primera asistencia y alta hospitalaria en el servicio de traumatología del Complejo Hospitalario Universitario de Vigo de fechas 01.08.19, 07.08.19 y 28.10.19.
- Informe de curso clínico del servicio de traumatología del Complejo Hospitalario Universitario de Vigo comprendido entre los días 19.08.19 y 27.07.20.
- Informe de curso clínico del Servicio Galego de Saúde comprendido entre los días 30.08.19 y 19.07.21.



- Informe de radioloxía del Complexo Hospitalario Universitario de Vigo de fecha 21.02.20.
- Justificantes de asistencia a tratamento rehabilitador en el Servicio Galego de Saúde, 31 sesiónes.

Agás o “informe de curso clínico del servicio de traumatología del Complexo Hospitalario Universitario de Vigo comprendido entre los días 19.08.19 y 27.07.20” (cuxa copia resulta ilexible), o resto da documentación amentada non figura no expediente.

Nótese, sobre este punto en particular, que durante a instrución, mediante requirimento de data 10.8.2022, solicitouse expresamente a achega dun informe de alta médica, que finalmente non se facilitou.

A proposta de resolución razoa sobre este extremo o seguinte:

“Considerando.- Que non foi aportado ó expediente o informe de alta médica como tal, o cal permitiría establecer a data da curación ou da determinación do alcance das secuelas e contar a partires dela, o prazo de prescripción da acción de responsabilidade segundo o disposto no artigo 67.1 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quedando tal extremo sen acreditar, e sendo necesaria a aportación do citado informe, de ser o caso, na vía xurisdiccional contencioso-administrativa”.

Se ben compartimos as dúbidas manifestadas pola instrutora sobre a prescripción da acción, non pode aceptarse, como xa indicamos expresamente no noso acordo de devolución do 19.4.2023, que a verificación deste extremo se deíxe á vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Debe recordarse que corresponde á parte reclamante a carga de probar os feitos dos que se desprendan os efectos xurídicos correspondentes á súa pretensión, e, á Administración, a acreditación dos feitos impeditivos. Porén, estas regras xerais de actuación deberán temperarse consonte a dispoñibilidade e facilidade probatoria de cada parte (artigo 217 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de acuízamento civil, por remisión efectuada polo artigo 77.1 da LPAC).

No presente caso, a pesar do requirimento expreso dos instrutores, a parte reclamante non achega o informe de alta médica. No seu lugar presenta un ditame pericial que, insistentemente, se limita a sinalar unha data de estabilización sen ningún tipo de xustificación obxectiva e en base a uns documentos cuxo acceso se vedou á Administración, impedindo así conformar un propio xuízo obxectivo sobre a cuestión.

Desde esta perspectiva, consideramos que existen elementos de xuízo que, ante a insuficiencia da actividade probatoria despregada pola interesada, permitirían apreciar a prescripción do dereito a reclamar, por non acreditar que a data de consolidación das secuelas se producira dentro do ano anterior á presentación da reclamación. Neste sentido, debe reiterarse o xa apuntado de que os tratamentos rehabilitadores, ou as visitas de control, non poden tomarse automaticamente como referencia para concretar aquela data.

Por outra banda, procede traer tamén a colación a doutrina xurisprudencial, favorable ao principio pro actione, que impón interpretar restritivamente a prescripción, ao non estar baseada en principios de estrita xustiza, senón de seguridade xurídica e de presunción de abandono do exercicio do dereito (por todas, SSTs do 14.3.2007, rec. 262/2000; do 6.5.2009, rec. 292/2005; ou do 24.5.2010, rec. 644/2006).

Precisamente porque a apreciación da prescripción determina que non se entre a analizar o fondo do asunto, unido á interpretación restritiva á que se vén de aludir, a análise da posible prescripción do dereito a reclamar debe efectuarse con especial rigor, desbotando calquera dúbida que sobre a cuestión poida desprenderse do expediente.



*Este órgano consultivo tamén ten indicado que esta posibilidade de apreciación da prescrición sen abordar o fondo do asunto debe ir precedida dun traslado da cuestión relativa á posible prescrición do dereito a reclamar á parte reclamante co fin de que esta poida alegar e, no seu caso, achegar os documentos e as xustificacións que estime pertinentes sobre esa concreta cuestión, en defensa dos seus dereitos e como esixencia derivada do esencial principio de contradición.*

*No noso acordo de devolución do 19.4.2023 xa indicábase a necesidade de requirir expresamente á Sra. Baqueiro Méndez para que achegase os documentos médicos nos que se baseaba o informe pericial e que acreditase en cal foi o momento de estabilización das secuelas, coa advertencia de que nos procedementos de responsabilidade patrimonial a carga da proba do exercicio temporáneo da acción recae sobre a parte reclamante, para logo realizar un novo trámite de audiencia. Porén, aquela indicación non foi atendida pola Deputación de Pontevedra, limitándose a instrutora a efectuar un novo trámite de audiencia.*

*Sen prexuízo de que este órgano consultivo considere que o acervo probatorio existente impide considerar exercitada en prazo á acción, a falta de cumprimento das observacións do noso anterior acordo de devolución determina que resulte necesario entrar no fondo da cuestión, co gallo de esgotar o debate por completo e evitar a xeración de indefensión á parte reclamante.*

*Quinta.*

*Polo que se refire ás cuestións materiais ou de fondo que suscita o expediente examinado, de acordo coas previsións do artigo 81.2 da LPAC, resulta preciso pronunciarse neste ditame sobre se existe unha relación de causalidade entre o funcionamento do servizo e a lesión aducida e, eventualmente, sobre a valoración do dano causado e a contía e o modo de indemnización.*

*A reclamación patrimonial que nos ocupa baséase nos danos sufridos pola reclamante como consecuencia dunha caída dende a plataforma de contención da estrada provincial EP-1008, Hío Vilanova á finca colindante, no lugar de Pinténs, no Concello de Cangas o día 1.8.2019.*

*Argumenta que, como consecuencia da existencia de vehículos ilegalmente estacionados na beiravía da estrada, tivo que pasar necesariamente pola amentada plataforma, por un espazo de apenas 50 centímetros, e que, pison mal “debido a que la plataforma de piedra estaba cedida y descolocada”. Durante a instrución do procedemento, achegou fotografías do lugar onde acaeceu o sinistro, así como declaracións escritas de testemuñas que, se ben non presenciaron directamente a caída, si que permiten deducir que as circunstancias nas que se produciu coinciden substancialmente co manifestado pola interesada.*

*Porén, estes elementos, así como a constatación do dano que resulta dos informes médicos, non son suficientes para apreciar a existencia de responsabilidade administrativa.*

*Cómpre resaltar que a xurisprudencia ten sinalado que a solidariedade nos riscos nos que se basea a institución da responsabilidade patrimonial como instrumento de resarcimento das vítimas de danos producidos polo funcionamento dos servizos públicos cara á xusta distribución das súas cargas e beneficios —velaí o seu carácter obxectivo— non pode confundirse coa cobertura universal de todas as incidencias que acontezan en lugares de titularidade pública, propia dun sistema providencialista non recollido no ordenamento xurídico. Polo tanto, nestes supostos é preciso que o risco inherente á utilización do servizo público rebase os límites impostos polos estándares de seguridade esixibles conforme coa conciencia social (por todas, STS do 30.9.2009, rec. 2278/2005).*

*Ademais, o Tribunal Supremo ten subliñado a obriga de dilixencia dos usuarios dos servizos públicos, pois aínda que a Administración deba garantir que as condicións da prestación do servizo sexan acordes coa evitación de danos, “también los usuarios deben utilizar los servicios con la diligencia necesaria para evitar esos daños, sin que pueda imponerse a las Administraciones una responsabilidad ajena a aquella diligencia”, (STS do 17.6.2014, rec. 3978/2011).*



Sexta.

*A análise da cuestión obriga a acudir ao Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, cuxo artigo 49 dispón o que segue:*

- 1. El peatón debe transitar por la zona peatonal, salvo cuando ésta no exista o no sea practicable, en cuyo caso podrá hacerlo por el arcén o, en su defecto, por la calzada, en los términos que reglamentariamente se determine.*
- 2. Fuera de poblado, y en tramos de poblado incluidos en el desarrollo de una carretera que no dispongan de espacio especialmente reservado para peatones, siempre que sea posible, la circulación de los mismos se hará por su izquierda.*
- 3. Salvo en los casos y en las condiciones que reglamentariamente se determinen, queda prohibida la circulación de peatones por autopistas y autovías”.*

*En relación á circulación de peóns en zonas fora de poboado, o artigo 122.2 do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación, engade que “la circulación de peatones se hará por la derecha cuando concurren circunstancias que así lo justifiquen por razones de mayor seguridad”.*

*O material fotográfico achegado pola parte reclamante reflicte, segundo as súas propias verbas, unha situación semellante á do día do sinistro. As imaxes acreditan a inexistencia dun espazo especialmente reservado para o tránsito de peóns, así a como a presenza de vehículos estacionados na beiravía.*

*Nestas circunstancias, as normas que rexen o comportamento dos peóns, antes transcritas, obrigarían a circular pola beiravía e, se os vehículos estacionados a facían impracticable, podería circular pola propia calzada. Como se desprende das alegacións presentadas pola interesada, esta, en vez de facer uso da anterior posibilidade, optou por tratar de pasar a través dun espazo angosto (duns 50 centímetros de anchura) e visiblemente irregular.*

*A maior abastanza, tamén debe destacarse que o informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, do 30.9.2021, sinala que “non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo, ou por outros similares, nesa estrada provincial”. Así mesmo, as fotografías permiten apreciar con claridade o lugar da caída, constatándose que non está habilitado para o paso de peóns.*

*As circunstancias descritas levan así a concluir, no estado probatorio no que o expediente é sometido a ditame deste órgano consultivo, que a hipótese máis plausible é que o factor determinante do dano foi a conduta da propia vítima que, tanto polas circunstancias do lugar escollido para circular como pola súa propia posible distracción ou descoído, perdeu o equilibrio, producíndose a caída. Isto leva a imputar o dano á esfera de responsabilidade da propia vítima, pois, como lembra o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, está a cargo de quen o sofre “el daño que se produce como consecuencia de los riesgos generales de la vida inherentes al comportamiento humano, debiendo soportar los riesgos de una eventual falta de atención o cuidado en la deambulación por lugares de paso” (sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 3.4.2013, rec. 7002/2013; do 14.4.2021, rec. 19/2019; ou do 24.11.2021, rec. 299/2020).*

*En efecto, é doutrina deste Consello Consultivo, acorde coa xurisprudencia do Tribunal Supremo, que necesariamente o comportamento humano, na xeneralidade dos casos, consonte a regra “id quod plerumque accedit” (as cousas que ocorren con frecuencia), implica soportar os pequenos riscos que unha eventual falta de coidado e/ou atención leva de seu na deambulación por vías públicas (por todos, CCG 216/2020, CCG 203/2020, CCG 294/2020, CCG 341/2020 ou os máis recentes CCG 60/2021, CCG 67/2021, CCG 106/2021, CCG 122/2021, CCG 161/2021, CCG 221/2021, CCG 243/2021, CCG 9/2022 ou CCG 253/2022).*



*Finalmente, e só para os efectos de esgotar o debate, tampouco poden aceptarse as alegacións sobre o estacionamento indebido dos vehículos. Se ben é certo que a zona non está habilitada para ese estacionamento (informe do 30.9.2021), a competencia en materia de vixilancia e regulación do tráfico correspondería ao Destacamento de Tráfico da Garda Civil de Vilaboa e non á administración titular da vía. A maiores, non constan denuncias por estacionamentos antiregulatorios nas datas próximas ao sinistro (informe do Subsector de Tráfico de Pontevedra do 2.3.2023). Con todo, insistimos, a posible incidencia dos vehículos estacionados na produción do sinistro é irrelevante, atopándose a súa causa principal e directa na propia conduta da vítima.*

*En consecuencia, o parecer deste órgano consultivo é, pois, favorable á desestimación da reclamación.*

## CONCLUSIÓN

*Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:*

*“Que informa favorablemente a proposta de resolución desestimatoria á que o presente expediente se refire, sen prexuízo das observacións efectuadas na consideración cuarta”.*

*E para que así conste para todos os efectos, estendo o presente certificado en Santiago de Compostela.*

*A secretaria do Pleno e das Seccións  
Vanessa Brea Lago.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva, mais non o da temporalidade (por ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

- A caída tivo lugar ás 17 horas do día 01/08/2019, é dicir, a plena luz do día.
- A súa declaración fai supoñer que coñecía a zona.
- No relato dos feitos realizado na instancia afirmase o seguinte: “*cuando estaba pasando por detrás de unos vehículos aparcados en el arcén, pisé mal*”, o que ven confirmar como causa da caída a torpeza recoñecida pola propia reclamante.





- A reclamante debeu supor que camiñar polo paso de pedras da beira do talude, colindante cun desnivel de 2 ou 3 metros, segundo a súa manifestación, suporía unha búsqueda irreflexiva do perigo, que si ben non pretendía o resultado lesivo, a poñía en risco del. Igualmente debeu ter en conta o desequilibrio que podería supor ir camiñando polo paso de pedras coa impedimenta de praia. Esta situación podería supoñer un perigo para a súa seguridade, polo que a propia reclamante adoptou unha actitude arriscada ó decidir transitar por ese lugar, situación e efectos nos que a Deputación Provincial de Pontevedra non ten responsabilidade ningunha.
- Segundo o establecido no artigo 122 do R.d. 1428/2003, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, respecto da circulación pola calzada ou arcén, establece que cando a estrada non dispoña de espazo especialmente reservado para peóns, como norma xeral, a circulación destes farase por la esquerda (artigo 49.2 do texto articulado).
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa zona.
- A sección da estrada no punto do accidente é de 7 metros de calzada e unha beiravía de 1,50 metros, non estando acondicionado para o estacionamento de vehículos, estando delimitado por unha liña continua que impide o aparcamento, polo que os coches que había alí estacionados estaban incumprindo a sinalización da estrada, feito no que a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra non ten responsabilidade ningunha e conducta cuxa represión non lle atinxe á mesma senón ás autoridades de tráfico.
- Non houbo mais caídas pola mesma causa, o que incide nun comportamento tórpido e arriscado da accidentada que libremente elixe transitar por un lugar non habilitado para o paso, sendo perfectamente visible a altura e o perigo que entraña transitar polo bordo do muro de contención da estrada.

Considerando.- Que non foi aportado ó expediente o informe de alta médica como tal, o cal permitiría establecer a data da curación ou da determinación do alcance das secuelas e contar, a partires dela, o prazo de prescrición da acción de responsabilidade segundo o disposto no artigo 67.1 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quedando tal extremo sen acreditar e sen prexuízo da súa aportación na vía xurisdiccional contencioso-administrativa; mais neste procedemento administrativo debe atenderse ao acreditado, é dicir, que a data de ocorrencia do sinistro é a do 01/08/2019 e a de presentación da instancia o 21/07/2021, é dicir, dous anos despois, polo que, como xa se dixo no Considerando segundo deste acordo, en relación co Resultando terceiro, a interesada non probou ter por satisfeito o requisito da temporalidade.

Considerando.- Que a zona onde tivo lugar o accidente é de competencia, a efectos de vixilancia e regulación do tráfico, da Garda Civil, exercidas a través do Destacamento de Tráfico da Garda Civil de Vilaboa ou doutras unidades do Subsector de Tráfico de Pontevedra, sen que se tiveran tramitado desde ese Subsector á Xefatura Provincial de Tráfico expedientes de denuncia por estacionamentos antirreglamentarios, sendo a citada ocupación por vehículos unha circunstancia completamente allea á



Deputación e que non está no seu ámbito controlar, recordemos que o Subsector de Tráfico de Pontevedra na data 02/03/2023 informa de que o citado punto é competencia, a efectos de vixilancia e regulación do tráfico da Gardia Civil, exercidas a través do Destacamento de Tráfico da Gardia Civil de Vilaboa ou outras unidades dese Subsector de Tráfico, sendo que no citado punto (km. 1,600-1,900) e para o período 01/08/2018 ó 31/08/2019 non se tramitaron desde ese subsector á Xefatura Provincial de Tráfico expedientes de denuncia por estacionamentos antirreglamentarios.

Considerando.- Que afirma a propia reclamante no relato dos feitos realizado na instancia que pisou mal cando estaba pasando por detrás duns vehículos aparcados no arcén, o que ven confirmar como causa da caída a torpeza recoñecida pola propia reclamante.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, a pesares de atoparse o lugar nunha zona moi concorrida de proximidade ás praias.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
“...*aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...*”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
“*Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...*”



- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
*“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”*
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M<sup>a</sup>. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade, por prescrición da acción e carencia de fundamento no fondo, desestimar a solicitude de indemnización.



17.32836.- DAR CONTA DA ACTA DO XURADO DO CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS “NOVOS VALORES 2023” DE DATA 10/07/2023, POLA QUE SE OUTORGAN CATRO BOLSAS AOS AUTORES DAS OBRAS PREMIADAS. (Expte.2023048357)

Dada conta das Bases do Certame de Artes Plásticas Novos Valores 2023 (BOPPO nº 88 do 09/05/2023).

Resultando que o xurado de dito certame foi nomeado mediante Resolución Presidencial de 25 de maio de 2023 (núm.2023004164).

Resultando que o mesmo reuniuse en sesión de 12 de xuño para seleccionar as obras presentadas e que posteriormente en sesión de 10 de xullo outorgou as catro becas aos autores das obras que se premiaron.

Á vista diso, a Xunta de Goberno queda enterada da acta de 10 de xullo de 2023 do xurado do Certame de Artes Plásticas Novos Valores 2023, polo que se acorda outorgar as catro bolsas aos autores premiados e quen son os seguintes:

- 1.- SANDRA BARREIRO PARGUIÑA. OBRA: *1851-1888-1900*.
- 2.- ANTÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ. OBRA: *Estados intermedios Estados residuales*.
- 3.- ANDRÉS SANJURJO GARCÍA. OBRA: *Canto custa unha imaxe?*
- 4.- LUCÍA PERDÍZ DÁVILA. OBRA: *Percorrer, atravesar, andar...*

18.32837.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

19.32838.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

O Presidente manifesta que vaise a proceder a realizar unha avaliación interna sobre o estado das contas públicas aos efectos de saber dos recursos dos que se dispón para atender ás necesidades dos municipios e, por extensión, dos cidadáns da provincia.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e cincuenta e tres minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

